

OLIVIA RODRÍGUEZ

profesora da udc, presenta “balada de los mares del norte”

“Urbano Lugrís, pese a a falar de mortos e naufraxios, é un vitalista”

vigo

SYLVIA G.SABORIDO

A profesora Olivia Rodríguez presenta esta tarde na librería Librouro, xunto a Xosé Luís Méndez Ferrín e o editor do libro, Henrique Alvarellos, a súa compilación “Balada de los mares del norte”, máis de 300 textos, moitos inéditos, do pintor Urbano Lugrís (1908-1973).

—É a primeira compilación da obra escrita de Lugrís.

—Sí, existían textos de “Atlántida”, poucos, e facendo a

compilación saíron moitos máis. A partir de aí saíu un volume máis extenso do esperado. Nel aparecen poemas, contos e artigos, moi semellantes ó ensaio literario, e nos que hai referencias a Xulio Verne e á Historia cunha visión moi persoal e orixinal, na que aparece un mundo que semella moito ós seus cadros, xa que Lugrís, antes de pintar un cadro, escribía a idea.

—Cal é a parte que considera máis atraente?

—É un libro divertido e cheo de vitalismo e a pesar de falar

de naufraxios e mortos, Lugrís escribía con cores e vitalidade, en contraste coa súa época, a postguerra, e a súa propia vivencia personal. A novidade é a poesía, moi boa, que él regalaba ós amigos e non se preocupou de publicar. A narrativa tamén é boa, ten moito que ver con Cunqueiro e José María Castroviejo, e nela están as historias e constantes celtas da súa pintura.

—Cal é a aportación de Lugrís á cultura galega?

—Na súa escritura en galego, Lugrís aparece como unha ponte

coa xeración do seu pai, Manuel Lugrís; na República e as cousas que se perderon na guerra e que tentou suprimir o franquismo. E tamén está na literatura española, cun estilo herdeiro da Xeración do 27, imaxinativo e culto.

—Como desenvolveu a investigación?

—O principio pensei que ía ser doado, pero logo complicouse porque os textos estaban en mal estado, cheos de erros, con palabras estrañas, galeguismos e cultismos. O maior traballo foi o de limpeza dos textos.



Olivia Rodríguez, profesora da UDC.